



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

Modelo Clave 170.114.0

COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTO DE USO DO SOLO/ SUBSOLO NON SUXEITO A LICENZA URBANÍSTICA MUNICIPAL, CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DUN PECHE/ VALADO/ CERRAMENTO DE SEBES OU DE POSTES E ARAME, EN SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO CLASIFICADO POLO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (B.O.P. Nº 171/2013, DO 6 DE SETEMBRO).

NOME E APELIDOS; RAZÓN SOCIAL:

DNI/ NIF/ CIF:

ENDEREZO:

C.P.:

TFNO.:

CORREO ELECTRÓNICO:

FAX:

Perante ese Concello comparece e **DÍ**:

Primeiro.- que, de conformidade co disposto na Disposición Final Terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, modificatoria da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, manifesta a súa intención de levar a cabo o acto de uso do solo/subsolo non suxeito a licenza urbanística municipal, consistente na realización dun peche/valado/cerramento de m.l. no inmovible radicado en (finca catastral nº.....); finca rexistral nº).

Composición (riscar cun "X"):

- postes + arame.
- sebes.

O seu orzamento será de euros.

Segundo.- que, coñece e cumpre cos requisitos establecidos na normativa urbanística e sectorial vixente (co compromiso de adoptar as medidas correctoras legal e regulamentariamente exigibles, así como de acomodarse continuadamente á observancia das exigencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, así como á obtención das autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios). Que, coñece as normas de aplicación directa establecidas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente, as referidas á *adaptación ao medio ambiente* (art. 104). E que, coñece as *condicións das obras en relación coas vías públicas*, así como as referidas ao *valado das obras*, previstas nos arts. 36 e 39 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Terceiro.- que, dispón da documentación que así o acredita, xuntando a que de seguido se riscar cun "X":

- descripción suficiente das características do acto de que se trate.
- plano de situación.
- xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- no seu caso, proxecto técnico esixible legalmente, e declaración do técnico facultativo que autorice o proxecto de que este cumpre coa ordenación urbanística de aplicación en todos os seus extremos.
- copia das restantes autorizacións e, no seu caso, concesións administrativas cando fosen legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.
- documento de avaliación ambiental, caso de requirila o uso ao que se destinen as obras.
- copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais, cando fosen legalmente esixibles.

Cuarto.- que, coñece o *condicionado específico* ao que deberá de axustarse a execución da obra, que é o seguinte:

		Altura máxima	Recúe	Estética
Interiores	Postes+ arame	2,50 m. (medidos dende a rasante do interior da finca)	NON	Preferentemente de madeira ou de granito natural sen tratamento de maquinaria industrial. Os de postes prefabricados de formigón ou outros materiais industriais autorizaranse excepcionalmente, e se pintarán nos cores predominantes na zona.
	Sebes	2,50 m. (medidos dende a rasante do interior da finca)		Ornamental
Frontais	Postes + arame	2,50 m. (medidos dende a rasante do interior da finca)	NON (art. 106.1 la Lei 9/2002, do 30 de decembro, en relación coa Sentencia nº 188/2010, do 15 de Xullo, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra – Proc. abreviado nº 507 /2009) * En todo caso, relativo aos peches de fronte de fincas, os pasos/portas non abrirán cara ás vías públicas. A posición das portas deseñarase respecto da liña de cerramento, de sorte que, de existir a posibilidade de ter que deterse nelas (por estar pechadas ou pola presenza de casetas de control, etc.), deberán recuarse de xeito que os vehículos non invadan a calzada. * En ningún caso, a construción do peche implicará a ocupación/invasión de dominio público.	Preferentemente de madeira ou de granito natural sen tratamento de maquinaria industrial. Os de postes prefabricados de formigón ou outros materiais industriais autorizaranse excepcionalmente, e se pintarán nos cores predominantes na zona.
	Sebes	2,50 m. (medidos dende a rasante do interior da finca)	Mínimo 4,00 m. do eixo, sempre que esta distancia sexa superior a 1,50 m. do borde da vía (intersección da marxe co noiro - desmonte ou terraplén -); salvo que o Organismo Titular da Vía determine outra superior. * En todo caso, relativo aos peches de fronte de fincas, os pasos/portas non abrirán cara ás vías públicas. A posición das portas deseñarase respecto da liña de cerramento, de sorte que, de existir a posibilidade de ter que deterse nelas (por estar pechadas ou pola presenza de casetas de control, etc.), deberán recuarse de xeito que os vehículos non invadan a calzada. * En ningún caso, a construción do peche implicará a ocupación/invasión de dominio público.	Ornamental

Peches existentes no territorio histórico do Camiño de Santiago:

Neste ámbito é obrigatoria a conservación dos muros de pedra tradicionais, cancelas de madeira e do arborado ou vexetación autóctona.

Zonas laterais de protección:

- Queda prohibida toda actividade construtiva, establecemento de campamentos, explotacións propias das estradas e tala de árbores nunha franxa situada a tres metros a ambas beiras da liña exterior do camiño.

Zonas de protección do contorno:

- Queda prohibido todo tipo de publicidade, a explotación mineira e a extracción de grava e arena nunha franxa situada a trinta metros a ambos lados da liña exterior do camiño.

Os actos de edificación e usos do solo que se sitúen nas zonas lateral de protección e zonas de protección do contorno quedarán condicionadas ás seguintes limitacións, calquera que sexa a clasificación urbanística dos solos comprendidos en ditas zonas :

1.- Ás normas, proteccións, disposicións e procedementos que se establecen na presente ordenanza para os edificios, conxuntos ou elementos de protección integral.

2.- Ao mantemento das aliñacións existentes, ocupación superficial e edificabilidade.

3.- Á autorización, en todo caso, incluído o uso do solo da Consellería de Cultura e Turismo após o informe preceptivo do comité asesor do Camiño de Santiago.

4.- Ás demais limitacións que se recollen na Lei 3/1996 do 10 de maio de protección dos camiños de Santiago e o Decreto 45/2001 REFUNDICIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO 01/02/2001, e concordantes.

Tras a zona de protección do contorno e nunha franxa de 70 m. a ambos os dous lados do camiño, calquera acto de edificación e uso do solo en solos rústicos, requirirase con carácter previo á concesión da licenza municipal correspondente, autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia).

Salvo que, de se-lo caso, figuren definidas no P.X.O.M. e no proxecto correspondente, non poderá iniciarse a execución da obra ata que o Concello fixe liña e rasante, a cuio efecto, deberá solicitarse con carácter expreso.

Prazos:

- a) para o inicio das obras: máximo 6 meses, pero non antes de 15 días dende a presentación desta comunicación previa.
- b) para o remate das obras: máximo 3 anos.
- c) de interrupción das obras: máximo 6 meses.

Quinto.- que, antes de comezar a obra, coñece que deberá presentar perante o Concello a designación visada dun/a Coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante a execución da mesma, se na súa execución interviñese máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, ou diversos traballadores autónomos.

Sesto.- (riscar cun "X" o que proceda) que, a obra:

- non ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade.
- ten por obxecto o desenvolvemento da actividade de, a cuio efecto xunta a documentación esixida polo art. 24.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia que, de seguido, se relaciona (riscar cun "X"):
 - o memoria explicativa da actividade, coa expresa manifestación do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
 - o xustificante de pagamento dos tributos municipais.
 - o declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade, e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
 - o proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
 - o a autorización ou declaración ambiental que proceda.
 - o as autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
 - o no seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013, do 19 de decembro.

; coñecendo que, ao remate da obra, deberá presentar unha comunicación previa para o inicio da actividade, de conformidade e nos termos contemplados no art. 24.2 da dita Lei 9/2013, do 19 de decembro.

Setimo.- que, aos efectos do art. 71bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, manifesta baixo a súa responsabilidade (civil, penal e/ou administrativa, pola eventual inexactitude, falsidade ou omisión esencial en calquera dato, manifestación ou documento), que os datos declarados son certos.

En A Estrada, a.....de.....de 201.....
(*sinatura*)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ESTRADA.